


# NUN LUGAR CHAMADO GUERRA

**Autor** Jordi Sierra i Fabra  
**áxinas** 151 páxinas  
**Editorial Galaxia** Colección Costa Oeste  
**Xuvenil**



## SINOPSE

Néstor, un mozo xornalista é enviado como correspondente a un país en guerra. Aí procura a compañía dun neno de doce anos, Milo, que será o seu protector e lle servirá de guía para a realización do seu labor periodístico. Milo sobrevive atopando en Néstor unha fonte de ingresos, Néstor sobrevive atopando en Milo unha fonte de sabedoría que será transmitida a occidente en forma de reportaxes, da interacción entre ambos os dous xorde algo máis que unha correspondencia laboral, xorde unha amizade que fará que aprendan novos valores nun mundo que os perdeu, e que a súa vida cambie para sempre.

## AUTOR

### JORDI SIERRA I FABRA

Naceu en Barcelona, en 1947. Empezou a escribir aos oito anos e aos doce decidiu que a súa vocación era ser novelista. Cultivou todos os xéneros literarios: relatos infantís, novela xuvenil e de adultos, ficción científica, humor, poesía, guións de película... As súas obras non só obtiveron os máis prestixiosos galardóns, como o Premio Néstor Luján de novela histórica, o Vila de Bilbao, o Ateneo de Sevilla, o Premio EDEBÉ, Columna, Premio Nacional..., senón que tamén foron levadas á pantalla.

## VALORES

- O compañeirismo.
- A amizade.
- A responsabilidade.
- A supervivencia.
- O respecto.
- A violencia.
- A inxustiza.
- A globalización.
- O capitalismo.
- O egoísmo.
- A guerra.
- Ética, cidadanía, ciencias sociais.

## ANTES DE LER O LIBRO

### DEBATE NA AULA

Por que xorden as guerras na actualidade? Cales son os motivos que levan a uns seres humanos a matar e exterminar a outros? É posible un mundo en paz? Como? A que conducen as guerras? Quen gaña e o que?

### EXPRESIÓN ESCRITA

Por que e como coñecemos os conflitos? Que sabes dos correspondentes de guerra? Como é o seu traballo? Sabes o que é un “guía”? Cal é o seu papel nunha guerra? Procura información e fai unha redacción sobre o tema.

## PARA INFORMARSE

Nas guerras morren moitos xornalistas e correspondentes, na guerra de Iraq morreron o fotógrafo e cámara de televisión galega, Xosé Couso, e o xornalista andaluz, Julio Anguita Parrado, procura información sobre eles e o seu labor nese conflito bélico. Para quen traballaban, que nos proporcionaron, por que e como morreron?

## PARA COMENTAR NA AULA

Un dos xornalistas chámase Gustav Mahler. Sóache ese nome? Por que o utiliza o autor? Relaciona a obra deste personaxe con algún gran conflito bélico do século pasado. Que significado tivo?

## PARA FALAR

Na novela fálase do “mercado negro”. Sabes o que é? Pregunta aos teus pais e avós. Hai algún na túa cidade? Por que se manteñen ese tipo de mercados, teñen que ver con algunha guerra ou situación política que se deu aquí?

## PARA INVESTIGAR

A novela está escrita en primeira persoa, o protagonista, Néstor, fai reflexións sobre moitos temas e un deles é o himno e a bandeira como símbolos da guerra. Que significado teñen o himno e a bandeira de Galicia? Falan de guerra? Analízaos.

## PARA SABER MÁIS

En moitas ocasións empréganse termos e expresións como “señores da guerra”, “resistencia”, “globalización”, “imperialismo”, “ideoloxía”, “cabecilla”, “guerra de guerrillas”... procura o significado destes termos.

## PARA INFORMARNOS

A República de Tudzbestán é un lugar imaxinario, pero situado na Unión de Repúblicas Soviéticas (URSS). Dende hai anos teñen lugar unha serie de conflitos bélicos nesa zona que se ven reflectidos na novela. Pescuda cales son e cales foron as causas deses conflitos. Segue habendo algunha guerra agachada na zona? É posible que o achado dalgunha fonte de riqueza recría o conflito? Pode que esta novela se dea na vida real nalgún lugar do leste de Europa? Que bandos interveñen nos conflitos? Que defenden? Sinala nun mapamundi todos os conflitos bélicos que se están a producir no planeta neste intre.

## PARA IMAXINAR

Milo é un ser imaxinario pero real —en todas as guerras hai miles de Milos— que aprendeu a responder ás demandas de Fernando Argilés máis que o propio Néstor, no fondo non semella máis que un troco mercantil, cres que é só iso ou hai algo máis debaixo do engano de Milo para transmitir información? Cres que as informacións que recibimos son certas ou detrás agáchanse enganos e intereses comerciais, políticos e económicos?

## PARA REFLEXIONAR

Dirías que todo vale para poder informar ou que os xornalistas deberían de ter valores e implicarse nos conflitos aos que asisten como espectadores? Cal é a opinión de Mahler e como a xustifica? Cal é o papel da muller nos conflitos? Que papel xogan Lula, Yaruza e as protectoras?

## DEBATE NA AULA

Que sabemos das guerras cando os correspondentes marchan? Rematan? Que pasa cos guías e coidadoras? Adoitan tomar partido por algunha facción?

## NA AULA

Analiza e define as partes dun xornal: titular, editorial... Procura a diferenza entre: crónica, reportaxe e entrevista.